

Cuestión 8. As crises baixomedievais

O século XIV fréase a expansión económica dos séculos XII e XIII e prodúcese unha grave crise económica, demográfica, política e social que afectou a toda Europa e tamén ós reinos hispánicos.

Crise económica. Desde comezos da centuria, a produción agrícola sofre unha diminución das colleitas, consecuencia dunha crise climática (abundancia de choivas e xeadas); os produtos agrícolas encareceron e provocaron fame e desnutrición. Esta situación agrícola favoreceu o desenvolvemento da gandería transhumante, xa potenciada desde o século XIII coa creación do Honrado Concejo de la Mesta (asociación de gandeiros casteláns fundada por Alfonso X o Sabio en 1273). O aumento da cabana ovina paliou ós privilexiados das perdas das rendas agrícolas (nobreza, clero e coroa eran os grandes propietarios dos rabaños), pero o paso e pasto do gando estragaba parte das diminuídas colleitas (ocasionando conflitos entre agricultores e gandeiros). A artesanía tamén entrou en crise polo descenso da man de obra e da demanda, consecuencia do empobrecemento da poboación.

Crise demográfica. As epidemias cebáronse nesta poboación famenta, con pouca hixiene e sen medicamentos. A **Peste Negra**, procedente de Asia, estendeuse por Europa no 1348 (con novas aparicións en 1363 e 1371) provocando a mortalidade do 25-35% da poboación. Na Península, a terrorífica epidemia afectou con máis intensidade á Coroa de Aragón, especialmente a Cataluña.

Crise social. O descenso da produción agraria e da poboación, que provocou que moitos campos quedasen sen cultivar, diminuíu as rendas dos grandes propietarios. Os señores reaccionaron con dureza: solicitaron ós reis novas concesións de terras, apropiáronse de terras dos concellos e endureceron aínda máis as condicións dos campesiños. O campesiñado respondeu con revoltas antiseñoriais, como a dos **payeses de remença** (campesiños servos cataláns) ou a dos **irmandiños** galegos. A crise económica e social tamén deteriorou a convivencia cos xudeus. O malestar popular cebouse cos xudeus, acusados de acaparar riquezas, de deicidas e de ser os culpables dos males que asolaban á poboación. As acusacións e persecucións, moitas veces instigadas desde os púlpitos, terminaron en destrución de xuderías e matanzas (pogroms de 1391 na Coroa de Aragón e na de Castela). Moitos xudeus, para salvar a vida, convertéronse o cristianismo; pero estes cristiáns novos ou conversos foron vistos con receo polos cristiáns vellos que sospeitaban que seguían practicando secretamente o xudaísmo.

Crise política. A Coroa de Castela viviú, na Baixa Idade Media, dúas guerras nas que se enfrontaron os bandos nobiliarios dos pretendentes ó trono. A primeira foi entre Pedro I e Enrique de Trastámara (1366-1369). O rei Pedro I defendía unha política de reforzamento do poder real fronte á alta nobreza e de estímulo á industria da la. Enrique de Trastámara, irmán bastardo do rei, prometeulle á nobreza ampliar os seus privilexios se o apoiaban a destronalo. A guerra rematou coa morte de Pedro I e o ascenso ó trono de Enrique II, iniciador da dinastía Trastámara, que outorgou terras e privilexios ("mercés henriqueñas") ós nobres que o apoiaron. A segunda (1475-1479) foi entre Isabel, irmá de Enrique IV e Juana, filla do rei, que contaba co apoio da alta nobreza. Finalmente Isabel I conseguiu o trono de Castela. Na Coroa de Aragón, o século XV comezou coa crise dinástica tras a morte sen descendencia de Martín o Humano (no Compromiso de Caspe vai designarse a Fernando de Antequera, da dinastía Trastámara) e continuou cos conflitos sociais entre os payeses de remença e os señores e os enfrontamento en Barcelona entre a Biga (nobres e burgueses ricos) e a Busca (artesáns e comerciantes) que acabaron nunha guerra civil que enfrontou á nobreza rural e á alta burguesía co rei Joan II, que contaba co apoio dos labregos e dos buscaires barceloneses.

O caso galego. A **Revolta Irmandiña**, foi unha revolta social que tivo lugar en Galicia no século XV. Desenvolveuse nun contexto de conflitividade social (fame, epidemias e abusos por parte da nobreza galega) e política (guerra civil en Castela). A nobreza galega (os Osorio, os Andrade, os Sarmiento, os Soutomaior...) cometía numerosos abusos (patrocinio do bandoleirismo señorial, incremento desorbitado da presión fiscal...). As clases populares solicitaron permiso ó rei para organizarse nunha irmandade (asociacións de persoas, grupos ou concellos ligados por un xuramento de fraternidade ou de axuda mutua), co fin de acabar coas falcatruadas dos nobres. Enrique IV, aprobou a Irmandade do

Reino de Galicia. Pero o que estaba pensado para restablecer a orde e protexerse, converteuse nunha revolta que se espallou por toda Galicia. As revoltas máis importantes foron:

A Irmandade **Fusquenlla** (1431). Orixinouse en terra dos Andrade (Pontedeume e Betanzos) ante a dureza que mostraba o señor (Nuño Freire de Andrade, o *Mao*) cos campesiños que vivían nos seus señoríos. Os campesiños, capitaneados polo fidalgo coruñés Roi Xordo, formaron irmandade e asaltaron e destruíron diversas fortalezas e castelos, chegando a atacar Santiago de Compostela, onde fracasaron ante as superiores forzas do Arcebispo.

A **Grande Guerra Irmandiña (1467-1469)**. Os irmandiños (campesiños, poboación urbana e algúns clérigos e fidalgos), dirixidos por Pedro Osorio, Alonso de Lanzós e Diego de Lemos, destruíron castelos e fortalezas, principalmente dos Lemos, Andrade e Moscoso. A nobreza viuse obrigada a fuxir a Portugal ou a Castela, pero o fin da guerra civil castelá animou ós nobres de ambos bandos a intentar acabar coa irmandade popular. En 1469 os exércitos señoriais de Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga), o arcebispo Fonseca, Xoán Pimentel, e o conde de Lemos entran en Galicia, vencen ós irmandiños e sancionan ós seus líderes.